



Concello do Grove

CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME DE INTERINIDADE DUN POSTO DE ENXEÑEIRO/A DE EDIFICACIÓN

1. REQUISITOS. Ser español/a ou cidadán/á dun país membro da UE, estar en posesión do título de enxeñeiro/a de edificación ou equivalente, non acharse inhabilitado/a para o exercicio de cargos públicos e non acharse incurso/a en causa ningunha de incapacidade ou incompatibilidade.

2. OBXECTO. Terá como misión a realización dos seguintes traballos:

- Redacción de proxectos técnicos dentro do ámbito da súa competencia profesional.
- Dirección de obras.
- Coordinación en materia de seguridade e saúde.
- Control das obras públicas municipais executadas con medios propios da Administración.

3. DURACIÓN. Ata a incorporación do funcionario que desempeña a praza en propiedade ou o cesamento da necesidade da súa substitución.

4. DEDICACIÓN. 37,5 horas semanais en horario de mañá e tarde, ben en xornada continua ou partida, en función das necesidades do servizo.

5. RETRIBUCIÓNS. As súas retribucións serán as establecidas en cada momento para o dito posto de traballo no cadro de persoal e orzamento municipal, sendo actualmente as seguintes:

DENOMINACIÓN	GRUPO	NIVEL	COMPLTO. ESPECIFICO
ENXEÑEIRO EDIFICACIÓNS	A1	30	13.625,22 € anuais.

6. SELECCIÓN DOS/AS ASPIRANTES. A selección dos/as aspirantes realizaráa, seguindo o proceso que se describe a continuación, unha Comisión de Selección formada polos seguintes membros:

Presidente: o alcalde-presidente do Concello ou o/a concelleiro/a que o substitúa.

Secretario: o secretario municipal ou o/a funcionario/a que o substitúa.

Vogais: a arquitecta técnica municipal.

6.1. PRIMEIRA FASE

6.1.1 Proba práctica: os/as concursantes realizarán unha proba práctica sobre un suposto de enxeñería civil en obras e servizos municipais, durante o tempo que fixe a Comisión de Selección. Valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter como mínimo 5 puntos para que se

Concello do Grove



Concello do Grove

poida valorar a seguinte fase.

6.2 SEGUNDA FASE: Concurso

- a) Experiencia de traballo profesional como enxeñeiro/a de edificación ou posto equivalente na Administración Pública: 0.05 puntos por mes. Ata un máximo de 1,00 puntos.
- b) Experiencia de traballo profesional privado como enxeñeiro/a de edificación ou posto equivalente: 0,05 puntos por mes. Ata un máximo de 1,00 puntos.
- c) Ter impartidos cursos formativos en entidades de recoñecido prestixio relacionados co contido do posto, atendendo ao seguinte baremo:
 - De 15 a 40 horas:..... 0,05 puntos por curso
 - De 41 a 100 horas:..... 0,10 puntos por curso
 - Máis de 100 horas:..... 0,20 puntos por cursoAta un máximo de 1,50 puntos.
- d) Asistir a cursos ou seminarios de formación en entidades de recoñecido prestixio relacionados co contido do posto, atendendo ao seguinte baremo:
 - De 25 a 40 horas:..... 0,02 puntos por curso
 - De 41 a 100 horas:..... 0,05 puntos por curso
 - Máis de 100 horas:..... 0,10 puntos por cursoAta un máximo de 1,00 puntos
- e) Estar en posesión de titulación superior.....0,50 puntos.

7. INCOMPATIBILIDADE. O posto é incompatible co desenvolvemento de calquera actividade pública ou privada

8. INSTANCIAS. Presentaranse no Rexistro Xeral de documentos de entrada do Concello. As instancias deberán acompañarse dos documentos acreditativos dos requisitos esixidos na base primeira (titulación) e dos méritos alegados.

9. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS. O prazo de presentación de instancias establecerase en **dez días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*.

10. DOCUMENTACIÓN. A persoa aspirante seleccionada disporá dun prazo máximo de **oito días hábiles** desde que se faga pública a selección para presentar a documentación necesaria para acceder á Función Pública e proceder ao nomeamento.

O Grove, data e sinatura dixital
O alcalde

José A. Cacabelos Rico

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Concello do Grove

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358